


# O CANDIL

Marzo 1995

Nº 4



**BUEU.**- O obxectivo de Ksado acertou a captar este incomparable remanso da ría de Marín, no porto de **Bueu**. A quietude da paisaxe, encabezado polos piñeiros rumorosos, é dunha beleza digna de ser cantada polas máis inspiradas lirás.

El Pueblo Gallego 6-10-1935

## A ÁRBORE

### en Johan Carballeira

Co gallo do **Día da Árbore de 1995** os **alumnos e mestres do Colexio Público de Bueu** (Pontevedra) queremos aproveitar para seguir, aínda que sexa pouco a pouco, dando a coñecer a obra do poeta e xornalista, **José Gómez de la Cueva ‘Johán Carballeira’** que é sobradamente coñecido e xa biografiado en anteriores publicacións de ‘O Candil’. Nado un xoves, 13 de febreiro do ano 1903, e fusilado o 17 de abril de 1937 en Pontevedra. Xornalista en moitos medios de comunicación: *Faro de Vigo, El Pueblo Gallego, Céltiga, Vida Gallega, Estampa, Nosa Terra,...* Alcalde de Bueu, no 1936. Na súa memoria déuselle o nome de Johan Carballeira ó instituto e a unha rúa.

Poñemos tódolos artigos e poemas que atopamos, que dalgún xeito teñen relación coa árbore, dos máis de 400 que temos recollidos deste autor nas diversas publicacións, e que pouco a pouco pensamos ir dando a coñecer. Varios destes artigos xa foron divulgados en abril do pasado ano nunha coidada revista en homenaxe a Johán Carballeira.

Queremos facer notar nestes artigos, ademais das distintas expresións, a diferenza na utilización da grafía galega para un mesmo texto; o que implica unha evolución de posturas, sobre todo en ‘Piñeiros’, que el mesmo reivindica e polemiza en artigos como ‘Matinando’, ‘Puntuización’,.....

Tamén pretendemos lembrar, como pequenas noticias, actividades que ó longo do tempo se fixeron con respecto á árbore no Colexio e algunha que outra anécdota do concello.

Subliñar que tratamos de respecta-los artigos tal e como foron escritos en canto á linguaxe, vocabulario, grafía, modismos, etc. coa excepción dos artigos ‘La repoblación forestal’ e ‘Sobre el problema forestal gallego’, orixinariamente en castelán, traducido literalmente ó galego normativizado, polos alumnos de 8º. As fotografías son multicopia de xornais ou de adhesivos feitos polos alumnos.

Recoñecer, unha vez máis, o noso agradecemento a tódalas persoas que colaboraron con nós, e que sen eles seríanos moi difícil poder realizar este tipo de traballos, en especial a Benito Fernández, Antía Castro, José Luís Fernández. Aldegunde, Xosé Manuel Cerviño, Vicente (de Faro de Vigo), persoal da Biblioteca Provincial de Pontevedra, ... así como ós alumnos de 8º nivel.

A bibliografía e fontes de consulta empregadas foron por entrevistas directas e ós xornais ‘El Pueblo Gallego’ e ‘Faro de Vigo,..’

***“Ás árbores medran en regueiros de follas  
pola ilusión dunha terra  
que enche os pulmóns da paisaxe  
coas goldrías de renovados ciclos”***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás  
Colaboran: Benito Fernández Alonso  
X. Manuel Cerviño Meira  
X. Luis F. Aldegunde

## MOTIVOS D'ALDEA (Poemas da Terra)

*A Joaquín Pesqueira<sup>1</sup>, inspirado  
n'un curruncho do Morrazo meigo,  
qu-él describiu con tanta ledicia  
y emoción.*

O vento e un paladín  
cabalo de montana  
fincado pra diante  
e disposto a rompere unha lanza.

Retrata, rindo, o río  
- y-é un choro si escoitas-  
as cousas cativas ou longas,  
y'un tolo beilar,  
o mesmo c'os vidros  
d' Alfonso Castelao.

Unha furia  
de luxuria,  
latexa n'os milleiros y-o parral.  
(Está envolveita na estética  
da barba fera e patética  
de Valle-Inclán).

O vento montouse  
cabalo d'os montes;  
e batend-os coa espora d'ós arbres  
simula un galope.

O medo todo da noite  
está tremendo no can;  
ten-o lombo o pelo hispido  
de cara a lua, a ladrar...

N'as cabezas d'os piñeiros alongados  
engadillase, pantásteca unha estrela  
y enlutados pol-a noite,  
meten medo de Compañía n'os alargos d'as  
/veredas.

Ergueito, soyo, un arbre  
n'un baldío monte,  
nos trai a lembranza  
do bon Don Quixote.

De antre os beizos do hourizonte  
surdía o día, tembrador,  
redondo e irisado,  
com-a unha pompa de xabron.

N'os brazos doentes e tutores do cruceiro  
crucificou o día  
a inocencia da lus;  
y-escurrega quente, o sangue do sol coma  
antr-o sudor de augonía /un regueiro  
que finxe a soma da crus.

A bandeira do vento,  
enarbolada no pinal,  
bate as estrofas inmorrentes  
da gesta do Breogán.

Asina: **JOSÉ G. DE LA CUEVA**

'FARO DE VIGO' nº 18194 25 de xullo de 1926 pág.7

<sup>1</sup> JOAQUÍN PESQUEIRA: Nado no pazo de San Blas en Seixo (Marín) foi redactor de 'La Nación' de Buenos Aires, Director da revista arxentina 'Suevia', colaborador de 'Faro de Vigo' e da 'Voz de Galicia' onde firmaba coma 'Pardo de Cela'.. Escribiu a novela 'Y vivió su vida' (Madrid 1913).

## ALBRE CELTA

(FANTASÍA OUTONAL)

O lourido murcho da pátina do utono, val decorando a verdegada paisage, tembrorrosa de rouseles de ágoa. Un geito de voces afónicas adormecen os ecos e fica soio o balbordo do mar nos silenzos da campía, en carne viva coma unha ferida limpia. E o tema lírico, do rivés, que pon os berros ledos da primaveira na gorja tépeda da Terra.

O hourizonte morde, ao longe, a pulpa verdeja dos piñeiras a se esangar no vento en canceóns, como unha orballada.

Mais a Carballeira crismou co seu moi fallage a serea auguria da faciana do val, vereas dos mozos mesmos.

O carballo, albre de vivir esgrevio, fica ispido, en cruz, nos alargos das veredas, estilizado nun anceio grave de sacrificio, nun rexo degoro nobre. Fica ispido como unha verdade, zoando mais forte i-eleitricamentes as suas antenas enfiadas ao ceo, co-a alma da Terra agionllada nas poutas. Concentraceón de forzas que ha por con braveza de presente nos tempos chegados dos berros mais intensos.

O piñeiro e un albre mentireiro, de cote cheo de verdor, a fingor lóstregos de esperanza na resoadora cinza dos ceos aborra-llados do vadal. Non é o nosco albre todol- o rumbo-roso e inquietante que se queira. Tal ves seja unha forma representativa de exterioridade. Mail-a fonda -e outa- arela da Galiza, lateja no corazón denso e bravo das carballeiras zoadoras intensamente, verticalmentes, coma as ideas dos homes.

Na paisage longa e a plan do outono invernizo, sen profundidade, fan acios de inquedanzas as poulas dos carballos espidos, o albre celta, o nosco albre engebre. E cando o vento ven a zoar pol-as galgadas desatado dos fachos das montanas, forte e longa de rebeldía e liberdade, e bebe o sangue da Terra.

Piñeiro, albre femia, gracia e sorrisa da campía, coma un sono azur.

Carballo. Albre varil, ispido como un atreta de loita, forza da paisage. Un donda emaneceón musical telúrica. Reja concreceón arquitectural. O outro da Terra.

Na mentras os piñeiros fingen choros nun verdecido soñar, o carballo afonda a sua arelanza na terra, volta a savia imorrente para lle dar unha concreceón mais reja no tempo dos berros de inquedanza, cando estoura a gorja, tépeda da Terra.



Asina: **JOHAN CARBALLEIRA**

'EL PUEBLO GALLEGO' 29 de decembro de 1927 Páx.- 1

## ALBRE CELTA (PANTASIA OUTONAL)

O lourido murcho da pátin do utono, val decorando a verdegada paisage, tembrorosa de ronseles de ágoa. Un geito de voces afónicas adormecen os ecos e queda soio o balbordo do mar nos silenzos da campía en carne viva coma unha ferida limpa. E o tema lírico, do revés, que pon os berros ledos da primadeira na gorja tépeda da Terra.

O hourizonte morde, ao longe, a pulpa verdeja dos piñeiras a se esangar no vento en canzóns, coma unha orballada. Mais a carballeira crismou co seu moi follage a serea anguria da faciana do val, berce dos nosos lirismos. O carballo, albre de vivir esgrevio, resta ispido, en cruz, nos alargos das anceio grave de degoro noble. Ispido Zoando mais forte i antenas enfiadas ao agionllada nas pontas. que ha poñer con bra-tempos chegados dos

O piñeiro é un cheo de verdor, a fingir na resoa-dora cinza dos nadal. Non é o noso e inqueda que se forma representativa de



electricamente as suas ceo, co-a alma da Terra Concentración de forzas veza de presente nos berros mais intensos. albre mentireiro, de cote lóstregos de esperanza ceos aborra-llados do albre. Todol-o rumo-roso queira. Tal vez seja unha exterioridade. Mail-a

fonda -e outa- arela da Terra lateja no corazón denso e bravo das carballeiras zoadoras intensamente, verticalmente, coma as ideas dos homes.

No paisage longa e a plan do outono invernizo, sen profundidade, fan acios de inquedanzas as ponlas dos carballos espidos, o albre celta, o noso albre engebre. E cando o vento ven a dos fachos das montanas, ergue unha canzón forte e longa de rebeldía e libertade e bebe o sangue da Terra.

Piñeiro, albre femia, gracia e sorrisa da Campía, como un mol soño azur.

Carballo, albre varil, ispido como un atleta de loita, forza da paisage.

Unha, donda amanazón musical telúrica. Reja concreción arquitectural o outo da Terra.

Namentras os piñeiros fingen choros nun verdecido soñar, o carballo afonda a sua arelanza na terra, volta a savia imorrente para lle dar unha concreción mais reja no tempo dos berros de inquedanza, cando estoura o gorja tépeda da Terra.

Bueu - 928

Asina: **JOHAN CARBALLEIRA**

'CÉLTIGA' nº 93 10 novembro de 1928

## PIÑEIROS

A Federico RIBAS<sup>1</sup>

Esgueitas as ojivaes maos, os piñeiros tecen no cumio do solpor un verdecente hurra na paisaxe victoriosa de coores. Na tona morna dos horizontes brincan como un vento elástico e longo e zugan un leitoso balbordo nos deitados peitos do ceo.

Imos debullando os kilómetros máis occidentaes e ledos desta leda terra do Morrazo.

Bueu -dondo novelo de verde- fica alá en baixo. Liboreiro é un foguete no azur valeiro do serán. A Escurca, Meiro, Cela, ateigados de tornasoles entre o lusco e o fusco teñen a fasquía das dornas varadas nas bocas dos rios cangados de paisaxe. Os piñeiros de outeiro a outeiro vaen da mao enfiando os vals con geito de muiñeira -cara ao mar- que remeje unha risada de Mourisco deica Aldán.

Os piñeiraes redondos e multiplicados -8 x 8, 64; geometría de números -enchen en fol de gaita o sonoro panorama ja maguillado cos tintes cumpridos de 12 horas longas. Por San Amedio, Bon, Beluso, Gandón, Iho- gimnástica paisaxe orvallada de verde- o piñeiro impón a sua coor. Como unha ágoa benzoada derrámanse pol-os labres do monte no vientre louro da campía i agachan as corredeiras e fingen lampos de esperanza na anguria das lonjanías.

Piñeiro, cruz de este ceo traspasado de luz. Esqueleto de mozo lanzal que vae percorrendo o mundo todo. Un senso de saudade migratoria se esvae destas árbores soñadoras e camiñantes engarabitadas do sol que rubiu pol-o abrete a se queimar na festa do día.

O piñeiro non é a nosa árbore engebre, o símbolo do berro forte que estoura no gorja da Terra Nosa -outor ja o sinin noutra vegada-; mais interpreta tan abondo a fisiología dos tépedos eidos da veiramar que por ela vese rezumar o espírito todo da paisaxe das marinedas.

As veiramares -eiquí Marín, Loira, Cela; Bueu, Beluso, Aldán, Ioo, Cangas, Moaña- tecen con fíos de bris cantigas molladas do azur de total-as lonjanías, ceos e mar.

Hai cantiga de veiramar e cantiga de terra adentro. Zoa ésta na espiral das montanas rejas como un romance de lobos. Brúa no carballo que a recolle como unha antena e faina estalar con doce corte de aceiro na boca redonda do espazo.

A cantiga de veiramar é unha maofactura de azues liñas e verdecente teares. É unha anduriña rechouchiante que corre engadada nos pulos das ondas a se angaiolar por riba dos adros dos praiaes na mística exaltazón das arvoredas. Cantiga que quer un berce lene e mol onde mergullarse. É estonces cando surden, tácitas, as poutas dos piñeiros para abalar o azo mariñán nunha muiñada de rumores que no río do aer vanse esvaendo deica aos ocos dos vals e jogan a meter medo nos noitegos alargos enmeigados de lúa.

A verdegante luxada dos piñeiraes mestos derrétese na carne ispida e desperta do mar los-tregado de tembrores. A punta da Udra recorta unha fugida pol-o ronsel de W. As valvas, a se pechar dos horizontes acochan os derradeiros fumes do solpor. Iho, Aldán, Bon, Beluso, Loira, Seijo, Cela, a Portela, o Roso, ja tan soio son unha melanconía na avemaría cromática que reza o serán a soñar coas estrelas.

Na agoaforte do horizonte a ispida e gótica fasquía dos piñeiros é un pulo para os ollos circios na lírica pantasía do infinido estusiasmo de azur.

Asina: **JOHAN CARBALLEIRA**

'EL PUEBLO GALLEGO' 23 de setembro de 1928 Páx.- 2

<sup>1</sup>FEDERICO RIBAS MONTENEGRO: Nado en Vigo (1890-1952), Foi un excelente debuxante: cartelista, ilustrador humorístico e da moda; deseñador para sinaturas industriais como Massó, Gal (del é a famosa 'G'),... Moi ligado con Bueu, onde soía veranear e onde tiña grandes amigos.

## PIÑEIROS

(RELANCES)

Erqueitas as oxivales mans, os piñeiros tecen no cumio do sol por un verdecente hurra â paisaxe victoriosa de coores. Na tona morna dos hourizontes brincan como un vento longo e zugan un leitoso balbordo nos deitados peitos do ceo. Entre o lusco e fusco teñen a fasquía das dornas varadas nas bocas dos rios cangados de paisaxe.

Os piñeirales redondos e unánimes enchen en fol de gaita os ecos do val. Na ximnástica paisaxe orvallada de verdes, o piñeiro impón o seu estilo barroco i humido de azul, e finxe lampos de esperanza na auguria das lonxanías.

Piñeiro, cruz d'iste ceo traspasado de luz. Esquelete de mozo lanzal que vae percorrendo o mundo todo. Un senso de saudade migratoria se esvae d'estas árbores soñadoras e camiñantes. O piñeiro non é a nosa arbre enxebre, o símbolo do berro forte que estoura na gorxa da Terra Nosa;

mais interpreta fidelmente a expresión dos tépedos eidos da veiramar que por ela vese rezumar o espírito todo da paisaxe atlántica. As veiramares tecen a azur cantiga de total-as lonxanías; ceos e mar. Hai cantiga de veiramar e cantiga de terra adentro. Zoa ista na espiral das montanas rexas n'un panteístico balbordo. Búa no carballo e faina estralar con doce corte de aceiro na boca redonda do espazo.

A cantiga de veiramar acena como un adeus dependurado do mastro circio do Norte, corazón mariñeiro do mundo; corre engadada nos pulos das ondas a se engaiolar por riba dos adros dos praias na exaltazón das arboredas. Cantiga que quer un berce lene e mol onde mergullarse. É entonces cando surden, tácitas, as poutas dos piñeiros para abalar o azo mariñán.

A verdegante luzada dos piñeirales mestos derrétese na carne ípida e desperta do mar lostregado de lonxanías. No agoaforte do hourizonte a gótica fasquía dos piñeiros proyecta a pantasía saudosa do espírito celta, esntusiasmado de azur.



Asina: **JOHAN CARBALLEIRA**

'EL PUEBLO GALLEGO' 8 de decembo de 1933 Páx.-Última

## IMAGES

(Para o libro «Cartafol»)

### A Rafael Ochoa<sup>1</sup>

Na hamaca donda da ría  
os barcos fumando en pipa  
enchen o espacio de filosofía.

Esdrújulo trapeceo  
na vela da dorna -aza de aventuras-  
toma folgos no seu pulo, o vento.

Pantasía do albre  
soio no esgrevio monte,  
lembranza  
do bon Don Quijote.

Pol-a janela do serán -ao sol xunguidos-  
os ollos da ponte,  
soñan un exilio.

Os piñeiras, punteiros,  
fenden o vento en carambolas  
na taboa verde do ceo.

A lúa, cineasta,

con música de estrela, fae sesión;  
geometrízadal-as ruas de trucos,  
protagoniza a emoceón  
na carne do ronsel, o mesmo  
que na ferida o sangue.

Os albres -colegiaes unánimes-  
deprenden a leiceón  
da paisage do río multiplicada por 2.

Ant-a aguillada do sol  
-láianse os eijos da tarde-  
os bois do hourizonte  
van carregando a paisage.

Asina: **JOHÁN CARBALLEIRA**

‘PUEBLO GALLEGO’ 15 - 3 - 1928 Páx..13



## A REPOBACIÓN FORESTAL<sup>2</sup>

(QUE É E O SEU ESTADO ACTUAL)

### PROPÓSITOS

-Veño -dígoille ó ex-presidente da deputación de Pontevedra D. Daniel La Sota ó ser presentado polo enxeñeiro director do servizo forestal-, veño para que as súas palabras me sirvan para abrir unha información sobre a repoboación forestal da provincia que EL PUEBLO GALLEGO, quere publicar.

-El PUEBLO GALLEGO, señor La Sota -continúo- quere facer esta información porque

a cuestión forestal na nosa provincia tomou estes días un seudo sentido de realidade.

Xa mira vostede, este cruce vivo de opinións que resalta na prensa neste momento co motivo de certa alarma onde o público, sen embargo non acerta tal vez a ver claro, porque onde hai diálogo, hai paixón e a paixón non é unha auga moi clara que digamos para lava-los ollos que anubra o descoñecemento.

Por iso EL PUEBLO GALLEGO, - Sr. La Sota, que se esforzou sempre en face-la clarida-

<sup>1</sup>RAFAEL OCHOA CARRASCO: Del di ‘Juan Carballeira’ no ano 30 nas revistas ‘Estampa’ e ‘Galicia’: ‘Sempre foi músico, poeta, e loco. Máis de Carril, seu pobo, foise a Cesures e deu en futbolista, pintor e ceramista...’

<sup>2</sup>Asina ‘JUAN CARBALLEIRA’ no ‘EL PUEBLO GALLEGO’ o 12 e 15 de xullo de 1930 Páx.-7/8 e 8/9



de sobre as cousas, como o mandan os tempos, vai facer unha información puramente obxectiva, por riba de personalismos, para poñe-las cousas no seu sitio e, ademais, expoñe-lo problema ante tódolos ollos coa fin, sinxelamente, pedagóxica.

Nos tendémo-las mans e sentámonos cara a cara, á mañá cedo, porque o Sr. La Sota é madrugador e o xornalista tivo que por o reloxo polo sol para con el erguerse. Porque o monte espéranos alá enriba e temos de ver cal é a realidade forestal da provincia.

### XUSTIFICACIÓN DESTA REPORTAXE

Un mozo escritor meseteño, como novo, escritor comprensivo dos problemas que atenzan actualmente a realidade española, explicou certa vez, aguzadamente que o problema rexional é un problema económico, un problema que se deixa sentir no estómago, nos riles, na pura fisioloxía.

Esta é unha realidade aguda rexional e é menester aireala de tal xeito, coa a súa propia forza, ata que se logre atención para remediála.

Galicia, así, poderá tirar pola borda a súa angustia presente.

Como problemas do momento aquí están a cuestión ferroviaria e a repoboación forestal.

Así nace esta reportaxe que quere pór en pé este tema vivo da cuestión do arborado nos nosos montes.

### ELOXIO DE 'EL PUEBLO GALLEGO'

D. Daniel La Sota está fronte a fronte a nós e hai unha actitude nel, unha expresión tan leda no seu rostro que coñecemos que o tema que esta mañá nos trouxo a Pontevedra e lle poñemos diante é da súa máis íntima complacencia.

-Antes hei de significarlle, como enviado de EL PUEBLO GALLEGO -dinos o ex-presidente da deputación- un fervoroso eloxio dese xornal tan desvelado sempre polas cuestións que atinxen vitalmente a Galicia.

Non podo darlle voltas agora ó tema sen manifesta-la miña gratitude e admiración ó EL PUEBLO que coa súa campaña última velou,

defendéndoa, cuestión tan vital e interesante como a da repoboación forestal. Hai que agradecerllo intensamente. Sen a súa intervención Deus, sabe o que ocorrería a estas horas.

Eu, verdadeiramente, estou nese estado indefenso e balbucinte dos xestos de agradecemento.

### ELOXIO DE PORTELA VALLADARES

O ex-presidente da deputación reforza os seus laudatorios xuízos encomiando a acuidade intelixente do noso director D. Manuel Portela Valladares.

Cóntanos o Sr. La Sota como o noso director lle falou en Madrid dos asuntos vitais que traía entre mans a deputación, como a repoboación forestal e a Misión Biolóxica.

-É estupenda esta comprensión e este vivir dentro da auténtica realidade das nosas cousas, do Sr. Portela Valladares.

Falamos longamente desas cousas, desa labor de creación que con tanto cariño enchía de entusiasmo á deputación e a aguda visión do director de EL PUEBLO e o seu sentido fraterno e porvirista, columbrou en todo isto unhas

perspectivas tan claras que me brindou todo o seu concurso.

Efectivamente, desde entón EL PUEBLO GALLEGO redobrou máis se cabe a súa vixilancia e a súa calor entusiasta. É o xornal onde atopamos o maior e máis fervoroso alento.


### "CREAR RIQUEZA, É O NOSO OBXECTIVO"

D. Daniel La Sota entra agora na substantividade do motivo que dá orixe a este diálogo.

(Advertencia. Onde di 'nós' o Sr. La Sota léase diante o seu nome. A súa modestia escamoteoume sempre a súa intervención persoal.)

E vai dicíndonos o ex-presidente da deputación:

-Nós, inmediatamente, comprendemos que a riqueza da provincia estaba quebrantada. A nosa labor, por tanto tiña que ser algo máis que administrativa. Había que pór na historia da nosa actuación un selo persoal que lle dera perfil.



No primeiro perímetro os piñeiros de tres anos escasos érguense á altura dos enxeñeiros Sr. Basanta e Gallástegui, xinetes.

Vista a actuación, non atopabamos máis saída ca unha que estaba clamando pola boa vontade: a creación de riqueza.

Diante do mapa das nosas realidades ben botamos de mirar que a referencia que nos berraba máis vivamente era a da terra na súa espida categoría.

Así nace a idea da repoboación forestal.

Son hectáreas e hectáreas as que se tenden no noso territorio como feixes mortos de nervios, como ríos nas que a súa forza é mester aproveitar.

-Xa temos -continúa o Sr. La Sota- xa temos, polo de pronto, un campo, onde plantar as nosas iniciativas, o noso obxectivo: crear riqueza.

### **FILIACIÓN DE D. DANIEL DE LA SOTA**

Mentres falaba, eu vou facéndolle a ficha.

É miúdo, áxil. Na súa fronte levantada e nos seus ollos continuamente viaxeiros e as súas mans que non se saben que ímpetos as visten, hai unha corrente de vontade, de dinamismo e de votivo entusiasmo, que por momentos eu creo estar ante un sacerdote do real oficio do traballo, que está sacrificando as horas nunha remota translación de vitalidade.

Este home é da mesma madeira que Napoleón cando facía un rito da batalla, dun Ramón y Cajal sorbido pola bioloxía, dun Lope de Vega vertido na facundia da arte dramática, dun Platón ido e en puntillas para trae-lo problema de Deus e facelo sangue, que é a filosofía.

D. Daniel La Sota é un deses homes de perfil tan plástico e neto que circulan logo na Historia polo seu valor intrínseco.

Cando o Sr. La Sota fala, por exemplo da árbore, os seus ollos vanse e as súas palabras teñen a mesma unción que as dun rito nos beizos dun sacerdote.

(Eu dicíame: esto é estar consubstanciado coas cousas e as ideas.

Un homes destes en cada esquina da nosa terra e Galicia desencoraxe do seu marasmo e adquire un sentido de navegación, de ruta que nos incorporaría formalmente á rotación do mundo).

### **ASUNTO ESTUDIADO E APROBADO**

-Imos a crear riqueza, dixémonos -fala o Sr. La Sota- e comezamos a estudialo problema da repoboación.

Con tanta intensidade o facemos - botamos raíces no 1925- que cando en xuño do 1926 se

publica o R. D. Lei do plan xeral da repoboación, nos mandamos un proxecto que inmediatamente foi aprobado.

### **CIFRAS**

O ex-presidente da Deputación dime que a terra da nosa provincia que se atopa espida incapaz doutro cultivo que non sexa forestal, é de 100.000 hectáreas e as incluídas no consorcio co Estado son soamente 25.000.

Estas 25.000 hectáreas producirán en 25 anos unha suma de 85 millóns ou sexa unha renda anual superior a tres millóns de pesetas.

Na actualidade hai repoboadas unhas 5.500 hectáreas.

### **O BEN COLECTIVO**

-Para que vostede vexa a forza auténtica que encerra a repoboación - continúa o Sr. La Sota - hei de dicirlle que é este un problema que particularmente entendeuno todo o mundo.

É difícil imaxinar a un particular propietario de monte raso que non pense en sementado de árbores.

Aquí apóiome eu e digo: abramos esas perspectivas que se adiantan para o particular, extendéndoas a un benestar colectivo.

¿Que outra cousa faremos con eses montes ermos?

### **MEDIDAS RIGOROSAS - NADA DE PASTOREO**

-Parece, Sr. La Sota -interrompemos- que xa ben sexa por erros técnicos, por mala fe, ou unha realidade que agora fixo acto de presenza, os labregos traen unha carga de queixas por motivo do pastoreo.

-Da primeira zona respondo. Non hai erro técnico algún. Eu mesmo co Sr. Areses vixiamos esa parte.

E para que vexa vostede que razóns tan pobres, poden presenta-los labregos que se debaten por vulnerar un terreo que debía serlles sagrado polos beneficios que lles reportará un día non moi lonxe, hei de dicirlle que nós levamos estatísticas do gando antes da repoboación e de despois. Diso resulta que a riqueza gandeira non sufriu mingúa algunha. Ó contrario, intensificouse. O cal proba que todos estes males con que chegan a costas os labregos, non son máis que malos pensamentos que lles asaltan.

-Así que vostede non consentiría...

-Que de ningunha maneira se consentise o pastoreo.

A todo transo sostaría a necesidade de que os perímetros repoboados continuasen pechados para deixar que os piñeiros se desenvolvesen libremente. Porque senón todo o traballo sería perdido. E unha de dúas, ou a repoboación é un beneficio real sen discusión ou un xogo de nenos. Se é o primeiro, precisa precisa ser coidada a todo transo.

É moita riqueza, amigo meu, moita riqueza para a provincia que é mester defender contra todo e máis contra uns simples caprichos.

### EN ÚLTIMO CASO

-Pero nalgúns sitios, Sr. La Sota, parece que efectivamente, os perímetros están botados sobre os casaríos con evidente prexuízo para o labrego, que ten que leva-lo gando a distancia do poboado. Porque temos que aquilatar-los pros e os contras.

-Respóndolle a vostede que na primeira zona nada diso ocorre.

Se algo hai diso, de que os perímetros estean demasiado preto do poboado, sería cousa do enxeñeiro Sr. Areses, xa que el foi quen dirixiu aquilo.

Sen embargo, non creo que o mal sexa irremediable nin tan grande.

En tal caso debe rectificarse a liña do perímetro, perdendo un anaco do acoutado, pero nunca, e de ningunha maneira, consentir que o gando penetre en todo o perímetro, porque o mal sería irreparable.

-Amigo Basanta -dígolle o saír da casa de Don Daniel de La Sota ao enxeñeiro director do servizo de repoboación- o dito: este home é un druída, é un sacerdote do monte.

### UN ELOXIO CORTICAL

Agora imos a saír para o monte.

Hai que facer antes un eloxio, que non sei con que palabras hei de fiar, do persoal técnico do Servizo Forestal da provincia.

Dous homes que pola súa campaña tesoneira, pola súa fe purificada, pola súa entrega ao oficio, se así pode dicirse, merecerán un capítulo aparte nesta historia da repoboación o día que se faga.

Son o enxeñeiro director, Don Pedro Basanta e o axudante de Montes., Don Alvaro Gil.

Oriúndos de terras luguesas, ancha paisaxe, onde se abren o fragor bárbaro e imponente das montañas, teñen no sangue un fondo ritmo telúrico que lles fai mariñeiros auténticos da montaña.

É preciso dicir que se o mar ten unha orixe angustiosa e permanente da saudade na súa acepción máis sa e pura, a montaña é tamén un fondo seo de onde mana unha eterna emoción que se mete xa na vida de todo aquel que ó seu corazón medrou e que xamais poderá botala ás costas.

Este é o caso destes dous homes que teñen no monte a mellor noiva para estimularlle la acción.

Indo ó monte con Basanta e con Gil, oíndoos falar destes problemas forestais, en verdade, non se comprende que poidan ter outro oficio mais ca este: soñar con o monte e vivir para o monte.

Se esta é súa vocación ¿que se dirá das súas aptitudes, das súas iniciativas, dos seus constantes desvelos?



Piñeiral de catro anos en terreos particulares -illa de Ons- que medrou a expensas do peche e vixilancia.

Esquivará aquí a pluma toda apoloxía por non rozar o heroico esforzo de modestia en que se acorazan estes dous amigos.

### O VIVEIRO QUE É UN XARDÍN

-¿Estamos todos? -demanda Alvaro Gil, enxeñeiro organizador desta excursión.

Si, estamos Basanta e eu. Pero hai que ir a buscar a Gallástegui. Gallástegui ten que vir con nós, o bruxo da Misión Biolóxica.

Iremos á Granxa de Salcedo a buscalo -di Basanta- e de paso miramos o viveiro forestal.

En Figueirido unha ancha faixa de terreo, oito hectáreas téndese escalonada en netos bancais coidadosamente tratados como unha obra de xardinería.

Enriba, un estanque rebentón da auga do sangue a aquela terra nos días sedentos.

O viveiro contén tódalas variedades exóticas que serven para cubri-las as fallas nas proporcións repoboadas do monte.

Máis de oito millóns de plantas verdean no viveiro de Figueirido.

Non hai máis remedio que escribir aínda que sexa unha soa liña para dicir que este viveiro é unha cousa marabillosa. O único en Galicia na súa clase.

¿Non queda xa ben loado?

Pero os cabalos, uns cabalos que sacaron os obreiros das cortes estannos agardando para subir -dinme a Chan de Castiñeira.

O día xa vai levantado e está como un grande globo azul inchado. Agora comprendo esta vocación de Alvaro Gil e de Basanta polo monte.

## II

### INTERMEZZO-MONTE ARRIBA-LO ESTILO

Arriba de Figueirido o monte, leado en vento azul, sona como unha grande buxaina e hai un bafo de terra espida que pon a flote o corazón.

A cabalo e monte arriba imos Alvaro Gil, Basanta, Barreiro cos trastes fotográficos que semellan sobre o arzón un botiquín de urxencia e o xornalista.

Agora, a cabalo, subindo ladeira arriba,, o xornalista, diría Gomez de la Serna, parece un médico que vai a curar tódolos males sociais, ou polo menos a facerlles o diagnóstico. En efecto, o xornalista de hoxe ten algo de cirurxián das cousas que ocorren, adaptable a tódalas circunstancias que se presenten co seu aparello clínico de cuartillas brancas para radiografía-la enfermidade e da-lo parte que logo estudíase en consulta pública para atoparlle remedio.

Tódala paisaxe vai rodando ante a acometida das cabalerías de pé de cabra, mentres Pontevedra vai cobrando perspectivas bretemosas e totais como baixo unha visual aérea. Subir en aeroplano, dende logo, debe ser esta mesma sensación de pulo que se dá ó ir ó monte arriba descaradamente, só que como un anxo, sen gustar os cheiros nin sabores demasiado sensoriais, bebéndose unicamente ese grande cóctel moderno inodoro e insípido da velocidade.

O monte verdea baixo o vento e a semente de primavera que vai caendo do ceo aberto de

xuño, grande antuca do verán que gotea tódalas sombras da morenaza.

Estamos sobre a espiña dorsal do Morrazo, a un lado a ría de Vigo como unha bandeira azul para facer un himno galego e á outra banda, á dereita, o atlántico mar, urbano entre a civilización das ribeiras morradenses.

Fronte ó pétreo mar das montañas que se erguen como cancións votivas en do de peito dunha comunidade unánime, compréndese que tódolos estilos esvaren coma plumas liviáns sen facer sangue. Aquí fracasaría a estilística poño por exemplo similares dun Azorín, dun Proust, dun Ortega, por exemplo. Porque un estilo non é unha arquitectura formal, senón unha perfecta osmose e exosmose do mundo circundante e fondo coa pura substancia íntegra do home. De aí pode nace-la posta 'dun estilo', como en D. Miguel de Unamuno, espido sobre tódalas cousas e vido da soedade.

### A REALIDADE VIVA

Imos chegar ó primeiro perímetro da repoboación onde se comezou a traballar en xaneiro do 1927. A medida que se sube, o monte vai apurando os verdes aparecendo ata o facho da montaña que percorremos pintada dun verdor escuro que denota que alí latexa unha vitalidade máis forte que na terra circundante.

-Aquí ten vostede xa a repoboación -dime Basanta e Alvaro Gil-. Temos aquí xa, unha realidade indiscutible. Piñeiros, piñeiros por tódolos lados onde antes se tendía só maleza máis ou menos pastoreable.

Ámbolos dous homes tiveron unha forte reacción xubilosa e eu puiden mirar como se alborozaban mostrando todo aquilo ó igual que o artífice mostra a súa obra lograda obxecto dos seus desvelos.

En efecto, aquilo é como para cantar. Porque ó arredor só se mira o monte raso, superficie inútil, mentres arde unha pura alegría da paisaxe no coto deste primeiro perímetro que se chama Chans de Castiñeira.

Unha verde onda rumorosa vai gañando o cumio xa perfilado, porque os piñeiros están de treito en treito como en floreiros con aire circulante en derredor dunha grande zona de expansión.

Os piñeiros están sementados de dous en dou metros, por fochas, onde entran de sete a nove piñeiros.

Logo vaise practicando un ráseo, periodicamente, que permite que as árbores medren coa maior folgura ata un momento en que en cada focha queda un só piñeiro.

Deste xeito, nunha hectárea de terreo veñen a quedar uns 900 piñeiros que son os que han de perdurar ata os 25 anos segundo os cálculos que hai feitos para unha posibilidade de crecemento da árbore.

Logo han de verificarse as cortas, de maneira científica, de tal xeito, que a repoboación ha de facerse logo xa naturalmente e así, cando se remate por un extremo do perímetro, xa estará o piñeiral novo levantando o seu tenro verdor polo oposto.

### É MESTER GABALO

O enxeñeiro director e o axudante, señores Basanta e Gil vanme explicando tódalas operacións e o valor desta obra e as claras perspectivas de porvir que ten.

Outra vez hai que gabar dunha vez para sempre o labor intensa de vixilancia e coñecemento destes dous técnicos que levan estudiando sobre o terreo tódalas posibilidades, tódalas realidades que poden espertar nos montes durmidos da nosa provincia.

Eu quito esta consecuencia: coa obra hai que estar sempre consubstanciado como o catecúmeno coa relixión. Ten que ser algo máis que esforzo material o que ha de pórse na labor. Ha de pórse o corazón e a intelixencia como motores do drama tamén para que alcance verdadeiras temperaturas de froita madura e conseguida.

Sen Basanta e sen Gil na hora de agora, a repoboación perdería dous verdadeiros 'pioners' na ruta do problema, dous celosos sacerdotes deste ideal que é poñer un enxame de riqueza nova sobre a terra erma da nosa provincia.

### ARGUMENTACIÓN QUE NON É ESCOLÁSTICA

Inútil será aquí querer enxalza-lo piñeiro, a árbore que tan ben rima coa carnación da nosa paisaxe. Liricamente, non é esta a ocasión de entregarse ó rito de exaltalo. Cen páxinas queimadas poderían trabarse nunha antoloxía

dos mellores homes de letras da rexión que cantaron ó piñeiro.

Pero por riba, está o seu real e categórico valor económico que di a mellor verdade a tódolos oídos.

Calculando só a un baixo prezo o piñeiro de 25 anos imaxínese o volume de pesetas que arrebolaran estes montes no andar do tempo.

(Máis abaixo poñeremos dous exemplos da riqueza real que deixa a repoboación dos montes comunais).

Agora hai que dicir tamén que nalgúns anacos dos perímetros repoboados estanse a levar a cabo ensaios de pasteiros con distintas variedades de leguminosas e gramíneas.

- Estes pastos, superiores a todos eses que se

dan espontaneamente, dinme, serán repartidos dentro de pouco entre os labregos, sempre, dende logo, con método para que todo sexa equitativo e non teñamos motivo de desgusto.

(Hai que engadir que o director enxeñeiro Basanta, está levando a cabo estudos sobre o toxo para o seu aproveitamento industrial, como é a extracción do papel, etc. Outra grande perspectiva económica que se adianta luminosa).


### O QUE É NOCIVO

Aquí en pleno monte, en plena realidade da obra, podemos advertir que esa cuestión que se intentou en mostrar aguda, do pastoreo, non ten razón algunha de ser.

Unha ancha faixa de terra libre, tanta que a vista pérdese na súa superficie, estendéndose arredor dos perímetros acoutados coas súas masas vexetais a completa disposición do gando.

(Hai que advertir unha cousa: que o labrego, dende logo, vendo que no terreo acoutado ó pasto medra luxurioso sente unha grande cobiça por esta, que podemos chamar 'froita do cercado alleo'.

É preciso, pois, convencer, ó labrego que nada se lle priva para a mantenza do gando e que é mester esperar uns poucos anos, tres ou catro, para entrar na libre e total posesión de todo aquilo que desexa. Durante ese tempo, ás



Contraste que entra por tódolos ollos: piñeiral da mesma illa de Ons que o pastoreo enfermou de raquitismo

súas expensas, erguerase a xigantesca obra da repoboación, a que un día lle dará tantos e tan cuantioso beneficios.

Ademais, o labrego non debe esquecer que por el están velando homes que dedicaron os seus esforzos e a súa inlixencia para o mellor benestar de todo e que hai que render acato á ciencia, que sabe o porque das cousas.

### O AUTÉNTICO COMUNISMO

O concepto de comunismo, no seu auténtico sentido humano, por exemplo, reside nesta obra da repoboación. Non hai que asustarse. Comunismo, non é esa doutrina que pon en garda a tantas almas con medo ó lobo que se come á ovella. Comunismo, de comunidade, ha de ser o melloramento de todos sen dano concentrado nin prexuízo para terceiros.

Aquí temos porque a riqueza que supón a repoboación cae de cheo dentro do sentido etimolóxico, puramente, da palabra que hoxe percorre o mundo galopando con distintas intensidades e intencións.

A riqueza forestal que ó cabo do tempo ha de xurdir do monte tan sinxelamente da luz sangra a cor, vai a nutri-las caixas, ¡ ai, case que sempre exhaustas dos nosos concellos !.

Esta poderosa execución económica resolvería o estado paupérrimo de moitas arcas municipais, ata tal punto que alixeiraría de toda carga ós veciños, porque todo gravame e imposto sería remediado co produto da repoboación.

Outras vantaxes: os pastos, encamiñados cientificamente, desdobraríanse en riqueza gandeira. As leñas secas e os esquilmos serán para o labrego gratuitamente e, nas bases económicas aprobadas pola deputación, dise ben claramente: “os veciños de cada parroquia terán dereito gratuitamente á madeira que precisen para construír ou repara-la súa casa habitación e locais anexos, como cortes, etc.”

E aquí ben claramente resalta o espírito da repoboación, a finalidade á que tira: a mellora económica da colectividade aproveitando esa enorme forza de riqueza que son os nosos montes espidos ata agora.

¿Non é cousa de poñer tódalas mans en ademán de axuda para obra de tal valor, de tal finalidade que fará a Galicia unha das rexións de máis grande porvir de España?

E é mester tamén dicir aquí que verdadeiramente é inconcibible que as demais provincias da rexión queden de costas a esta labor, que se ven facendo na pro-

vincia de Pontevedra cunha intensidade tal que a fai ocupar o primeiro rango da nación.

### DOUS EXEMPLOS QUE NON DEBES OLVIDAR, LABREGO

Para que o público chan e sobre todo o labrego escéptico, non crea que canto vimos dicindo é simple literatura, propoñeremos aquí dous exemplos da utilidade auténtica da repoboación forestal.

Bielsa, pobo enclavado nos Perineos, provincia de Huesca, vive dos aproveitamentos comunais dos seus montes.

Os veciños non pagan tributos de ningunha clase, nin sequera célula persoal e ademais conta con melloras tan notables, a expensas sempre da riqueza forestal coma, o abastecemento de augas, luz eléctrica e grupos escolares todo gratuitamente e a favor do vecindario, que case pode dicirse, se o benestar económico fixese por si só a felicidade dos pobos, que viven en “Jauja”.

En Arenas de San Pedro, na provincia de Ávila e en todo o val de Tiemplo e do Tiétar, de dita zona, os concellos gozan de semellantes beneficios gracias ós produtos do monte que hai anos era pampeiro e raso.

### NOUTROS PAÍSES

Por todo o exposto comprenderase a necesidade que hai de defender a todo tronso a obra da repoboación nos nosos montes, agora pa-



rece que tocados pola man de Deus que vai a facelos productivos.

Francia, Italia e Alemania países que coidaron de aproveitar tódolos medios ó seu alcance para upar a vida dos seus habitantes, crearon leis especiais para protexe-los terreos cubertos de árbores, impedindo que a explotación se fixese de xeito incorrecto.

E a tanto chegan, que os propietarios de montes particulares teñen que someterse a estas mesmas leis que se obrigan a cumprir.

Nestes países calcúlase que un terreo sementado de árbores que poida ser invadido polos animais ou polo home mesmo, é igual que emprega-lo diñeiro nun trasfego inútil, ou mellor, tiralo.

A severidade é tal que chega a valorarse unha pequena planta danada como se houberse alcanzado a súa completa madurez.

#### **UN ÍNDICE.- ALALÁ DA TARDE NO MONTE**

Mentres comemos no alto do monte cunha perspectiva aérea entre Coto Redondo e Chan de Castiñeira, tan altos que o sol, vingativo, castíganos implacable; mentres brindamos por Gallástegui cun coñac rexional que ben sabemos que houbera feito as súas delicias ó final do xantar, vou apuntando estes datos do que hai feito:

5.500 hectáreas, cun gasto dun millón ducenas mil pesetas.

Na primeira zona, península do Morrazo, pode asegurarse que está completamente repoboada.

A segunda e sexta zona, están aínda nun período de repoboación sendo necesarias facer algunhas plantacións, pois hai perímetros nos que só se fixeron sementeiras.

A novena zona, Castrove, foi sementada na pasada primavera e polo seu aspecto e bo estado, todo fai presumir que esta sexa a zona de repoboado máis denso.

Cando baixamos cara a Pontevedra, Basanta e Gil invítanme a que me poña a cabalo ó lado dun daqueles piñeiros do primeiro perímetro, que contan con tres anos tan só de vida. Hai que dicilo: con cabalo e todo os piñeiros pánsanos da cabeza.

Camiñamos cara a capital, cheos os pulmóns de osíxeno.

O mar, abaixo, cobrou un ton azul místico e o verdor dos montes, baixo a rosa diluída da tar-

de pintada como unha coqueta vai adquirindo o que na arte pictórica chámanse valores.

Barreiro non pode conterse e queda alá perdido tirando placas de tódalas perspectivas.

De súpeto, o valor lírico que exuda a paisaxe a esta hora, concrétase nunha canción que nunha quebrada lanza ó vento da tarde, unha moza donosa e xuglar, unha moza de pano marelo rameado e luminoso como unha romaría. E a cantiga, entre as cintas do vento verde, sube como unha mensaxe á montaña esgrevia:

Miña santa Margarida  
miña Margarida santa,  
téde-la casa alá enriba  
donde o paxariño canta.

#### **UN PROXECTO QUE URXE**

Para a quinta zona (Porriño e Mos) fíxose un proxecto para a súa aprobación en Madrid, no que presuposto ascende a 800.000 pesetas. Posteriormente houbo que rectificalo rebaixándoo por agora, xa que non encaixaba nas normas económicas do Goberno pasado.

A dirección xeral comunicoulle á deputación que se reducira o proxecto quedando achicado ata abrazar tan só 900 hectáreas.

Este proxecto está na actualidade en Madrid a súa aprobación vai estes días precisamente a xestionala o actual presidente da deputación Sr. Casas.

Inútil é que diga aquí o preciso que é que este proxecto se leve a cabo inmediatamente, así como que se tracen con toda urxencia os demais necesarios para que sexa repoboada toda a zona que comprende polo menos o plan xeral aprobado polo Estado.

(Aclaración. O estado e a deputación fan un consorcio para tantas hectáreas abonando aquel o 50 por cento do custo.

Por agora o estado é quen adiantou tódolos cartos).

É preciso, pois, como dicimos, levar a cabo a repoboación inmediatamente, para que a provincia quede en disposición de producir o antes posible.

#### **FALA O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN**

Agora preséntame ó actual presidente da deputación, Don Manuel Casas, o Axudante do Servicio Forestal, Don Álvaro Gil.

Penetramos no salón da deputación, todo amoblado severamente cuns retratos colgados, ó parecer transcendentais.

O sr. Casas está trala mesa, miúdo, enxoito.

Alvaro Gil cruza os nosos nomes e as nosas mans como preámbulo deste diálogo que ven.

-Sr. Casas, comezo, EL PUEBLO GALLEGO, quere saber que hai disto da repoboación, cal é a actitude da actual Comisión provincial e que rumbos se lle vai a dar ó problema, que como vostede non ignora, é de vitalísima importancia para a nosa economía. Por iso veño eu aquí a molestalo esta mañá.

O presidente obsérvame de fito en fito e parece por un intre que hai un signo polémico nas nosas miradas.

Esta inquisitorial maneira de mirarme do Sr. Casas, ben me demostra que estou fronte a un home de característica militar.

Todo o mundo sabe que o actual presidente é coronel retirado. Pero eu nótolle non sei que remota semellanza co xeral Weyler, pequeno, seco, esdrúxulo, con miradas de esguello.

Pero o Sr. Casas, desde logo, non é un Weyler porque pon na faciana unha luminosidade pagá, que o avó do exército non ten e porque podería dicirse na súa boca arde unha pava de sorriso delgada, que debe servirlle moito en mesteres de pura cortesía.

Algo así como 'encantado' ponnos diante o presidente, sen dúbida, para que nos anime-mos.

E eu lanzo esta pregunta: ¿Non sabe vostede nada, amigo meu, diso que parece levantou un ardor estes días arredor da cuestión forestal da provincia?

Refírome á transgresión que parece ser se fixo na zona de Ponte Caldelas con evidente perxuízo para a obra levada a cabo.

O presidente encolle os ombreiros e sorrindo contéstame:

-Non faga vostede caso. Cousas da rúa.

Nada. Alarmas inxustificadas.

-¿Vostede cre?

-O que lle digo. Nada

-Din e afirman que todo non está ou estivo, alleo á política.

-Pódolle asegurar que non. A min non intesare á política.

Eu non vou vir aquí a perde-lo meu prestixio por caciquería de máis ou menos. Eu veño para servi-los intereses de todos. Dígao vostede así.

-Pero ben, ¿iso do pastoreo en tal ou cal zona?

-Repito o dito, nada hai e, dende logo disposto estou a impedir rigorosamente, todo intento de vulneración dos perímetros.

D. Manuel Casas, en efecto, parece que nos fala con sinceridade e dende logo parécenos home capaz de cumpri-la súa palabra.

O meu cello desengurrase.

O presidente segue falando e cóntame como cre que na repoboación houbo algúns erros non de moita substancia, como o emprazamento do viveiro, situación dalgúns perímetros, etc.

Pero, desde logo, canta a obra, por enriba de todo e recoñece que é digna de dedicarlle os cinco sentidos para levala ata as alturas de bo logro.

É máis, cre que debe acometerse inmediatamente a confección de varios proxectos e dedicarlle a maior enerxía.

-Eu fareino, dende logo, coméntame, o máis compatible que sexa a vida do home e da árbore.

Logo hai unha gabanza sentida para o persoal técnico, ó cal lle coñece méritos e un agarimo inusitado pola obra emprendida.

-Si, hai que velar tamén por esta xente -di sorrindo e mirando para Álvaro Gil- hai que melloralos a vostedes tamén e diso xa nos ocuparemos formalmente.

Non sei como deriva a conversa cara a Misión Biolóxica e o Sr. Casas non sabe outra cousa que enxalzar como se merece o labor deste bruxo que se chama D. Cruz Gallástegui e ao que Galicia tanto e tanto terá que agradecerlle.

-Disposta está a Deputación, continúa o presidente, a impulsar perseverantemente estas dúas cousas: a Misión Biolóxica e a repoboación Forestal.

Ante estas declaracións expeditas do presidente caerme tódalas armas que traía e lle confésolle:



-Sr. Casas: non teño que dicirle canto me congratulan estas palabras súas que me fan depoñer unha prevención que traía ó entrar.

Se iso de Ponte Caldelas non volve a darse xa en ningún sitio, se está, como afirma, decidido a non consenti-lo pastoreo, e si a impulsalo labor da repoboación e esa tamén admirable, como vos-  
tede mesmo di, da Misión que dirixe o ilustre Gallástegui,

¿que máis me queda que felicitalo por eses bos propósitos e comprometerme a contalos?

O presidente agradece mentres nos tende uns cigarros e por un momento quedamos todos dentro desa camaradería cordial que crea o fume do tabaco fumado en compañía.

-repítolle a vostede que estou disposto a velar e impulsar estas obras sempre de acordo co persoal técnico, que como digo, paréceme francamente insubstituíble.

-Vou con esa confianza Sr. Casas. Porque xa sabe vostede que EL PUEBLO GALLEGO desvelouse vivamente por estas cousas, facéndolles ambiente e defendéndoas, aínda có réxime da pasada Dictadura, que como recordará sempre foi dual con nós e nós con ela. Porque entendemos que estes problemas deben estar por enriba de toda política.


O presidente asinte e eu marchome tan tranquilo, deixándoo a el alí, naquel salón tan vestido de severidade cuns tons vermellos e uns retratos de non sei quen, que deben ser moi transcendentais.

-Oe Alvaro, dígolle a Gil o saír, xa ves ¿eh?, non vos podedes queixar. O presidente non pode ter mellores intencións.

Con esa confianza pechamos este inciso.

### UN BO DELEGADO

Hai que facer sitio nesta información para ganduxar unhas liñas que queren dicir, concisamente, que hai un home na actual deputación, D. Luís Patiño, o deputado delegado para



a repoboación, que está verdadeiramente encariñado, coa obra na que pon os seus mellores desexos.

D. Luís Patiño, espírito vixiante e envorcado no labor, sabemos que velará porque cuestión tan transcendental como a da que nos vimos ocupando sexa unha realidade.

El sabe tamén que no persoal técnico actual ten un apoio definido e dúas finas intelixencias avizoras.

### UNHA VOZ OPOR- TUNA PARA TERSE EN CONTA

Rematada a nosa visita que puideramos chamar oficial, un propietario, un particular que se decata de que EL PUEBLO GALLEGO vai a facer esta información invítame a que o escoite uns momentos.

Direi que o particular aludido é o noso amigo Didio Riobó e a causa por que ten que falarnos é respecto ós seus montes da illa de Ons na ría de Pontevedra.

A ciencia forestal do amigo Riobó é verdadeiramente admirable e a comprensión do problema notablemente aguda, acertada.

Así, vaime dicindo que todo propietario intelixente non pode menos que seguir con interese o labor das repoboacións que se está a levar a cabo.

Falamos de cifras, de datos, de consecuencias, para o porvir e por último dime:

-Eu, na illa, seguí con intensidade unha obra de repoboación daqueles páramos, máis que nada calcando o plan da deputación. Pero amigo meu, estas oscilacións, estas cousas que agora ocorren, verdadeiramente desanimanme en grao sumo. Se se consente oficialmente o pastoreo no bosque con animais ¿Que debemos facer no-los os pobres particulares para conter ó labrego que nos vulnera os coutos?

Eu díspolle estes temores e dígolle as impresións optimistas que traio da miña entrevista co actual presidente da deputación de Pontevedra. Non se consentirá de ningún xeito o

pastoreo e polo contrario intensificárase a obra tan ardidamente comezada.

O amigo Riobó segue dicíndome que convén por tódolos medios defende-la repoboación que é unha riqueza a longo prazo.

E precisámolo os propietarios particulares - engade- porque de aí virán as normas ás que nos temos que cinguir.

Por enriba de todo precísanse leis rigorosas que se cumpran oficialmente e que nos sirvan a nós de base para velar polos nosos intereses. Porque senón, unha de dúas, ou deixámo-los montes abandonados ou temos que entregalos á deputación. E se esta fai como agora parece que ocorreu, consentindo a entrada do gando, será cousa de non mirar isto máis que como un terreo inútil.

A deputación, sinalando normas ríxidas pode facer moito por todos. Porque esa é a nosa defensa, a norma pola que todos temos que rexernos. Se a deputación consente o pastoreo ¿Con que razóns vai impedilo o particular e vai a pedir sancións para os contraventores?.

Logo imos á illa de Ons e como este Didio Riobó é home que lle gusta argumentar con esas razóns que lle gustaba ó famoso Santo Tomás, méteme polos ollos esas dúas realidades que poderá apreciar-lo lector: un piñeiral de catro anos, que a forza de mil coidados puido verse libre da violación polo gando e o home; piñeiral que se ergue puxante e lanzal e outro de oito anos vítima dos desmáns do pastoreo que aparece raquíptico, enrarecido, anémico en tal grao que non se sabe cando aqueles pobres piñeiros e poucos que quedan poderán ergue-la cabeza.

O piñeiral de catro anos aquí é o dobre de mesto e desenrolado có de oito anos asoballado.

Esas dúas notas gráficas da illa de Ons son o mellor argumento para combater-lo pastoreo nos terreos sementados, que non teñan por riba de catro anos.

A súa voz, amigo Riobó, foi ben oportuna, e as súas razóns dunha forza dialéctica de primeira orde.

### O DEBER DE TODOS

Rematamos de poñer en letras de molde tódolos nosos recordos e os nosos apuntes que trouxemos da observación directa do problema.

Esta información, falando do asunto, poderíase laminar inconmensurablemente. Pero cremos que o dito por agora bastará para facer luz suficiente sobre a cuestión que por estes días trae en xaque a tantas plumas e provocou un cruce vivo de comentarios.

O que si podemos volver a asegurar tantas veces como sexa preciso é que a repoboación forestal da nosa terra é unha obra de tal transcendencia que todo galego con sentido histórico debe erguerse para axudala e defendela.

E esa será unha actitude de galeguismo, tan fonda e de tanta resonancia como o problemas espiritual máis picudo. Porque xa se ten dito que o problema rexional por excelencia é económico, síntese na barriga, nos riles, na pura fisioloxía.

A prensa, máis ca ninguén, ha de pór neste propósito o seu esforzo, ata penetrar en todo o mundo deste sentimento e ver como se erguen nos nosos montes estériles agora a verde fogueira dos piñeirais, victoriosa bandeira de días mellores.

Asina: **JUAN CARBALLEIRA**

'EL PUEBLO GALLEGO' 12 e 15 de xullo de 1930 Páx.-7/8 e 8/9



## PROBLEMAS GALEGOS DE ACTUALIDADE

SITUACIÓN DA REPOBOACIÓN FORESTAL EN GALICIA<sup>1</sup>

(DECLARACIÓNS DO ENXEÑEIRO DE MONTES D. PEDRO BASANTA PARA 'EL POBO GALLEGO')

## DIVAGACIÓN RETROSPECTIVA.

Aínda recordo. Á dereita mares e fantasías azuis, terra mariñeira do Morrazo. Á esquerda, paisaxe gaiteira de aldeas brancas cunha primavera de verdes, rodeándoas como unha fogueira. Murchábamos a cabalo sobre o espiñazo da serra morradense, arriba de Figueirido. Íamos dun en fondo monte adiante ese gran fotógrafo que se chama Barreiro, o enxeñeiro axudante Álvaro Gil, o enxeñeiro xefe do Servicio Forestal da provincia, don Pedro Basanta do Río e o xornalista. Todos a cabalo, todos moi pampeiros, pero o bo Basanta coas súas gafas inquietas de sempre, que lle daban certo aspecto anacrónico á súa aparencia de cabalista. Parecíamos unha partida montaraz e esdrúxula capitaneada por un xefe de época futura con cara de bibliófilo, frecuentador de latines e letra miúda; unha cara así inocente e intelectual entre Castelao e Luis de Zulueta... Ardía o día púxil e ancho, con anchura de xuño, doce horas arriba como doce soles e o vento norte que viña intenso do mar vibraba como unha grande lámina de latón.

Foi aquel día precisamente xa para tres anos, cando mellor ca nunca comprendín toda a inxente importancia que significaba a repoboación forestal dos nosos montes. No coto do primeiro perímetro, en Chan de Castiñeira, os piñeiros de tres anos arboraban máis altos cas nosas figuras de xinetes. Nos meus oídos cantaban como unha teoría de ilusos as cifras dos técnicos. "900 piñeiros cada hectárea, cada piñeiro ós 25 anos, cinco pesetas, cando estean repoboadas 30.000 hectáreas na provincia de Pontevedra... 27 millóns de pesos".

E engadían Basanta e Gil: "Biosa, pobo encravado nos Perineos, provincia de Huesca viven dos aproveitamentos comunais dos seus montes. Os veciños non pagan tributo

de ningunha clase nin sequera cédula persoal e ademais contan con melloras tan notables, a expensas sempre da riqueza forestal, como o abastecemento de auga, luz eléctrica e grupos escolares todo gratuitamente e a favor dos veciños. En Arenas de San Pedro, en Ávila, e en todo o val do Tiemblo e do Tietar, da dita zona os concellos gozan de semellantes beneficios gracias ós produtos do monte repoboado de piñeiros que fai anos era pampeiro e raso.

## CINCO MINUTOS DE PARADA

Agora, aproveitando a cor republicana desta hora auroral, volvemos a buscar a don Pedro Basanta para que nos informe sobre a situación actual da repoboación forestal en Galicia. É tempo de mudanzas, de viaxes redondos nos métodos e nas concepcións e hai que facer balance para partir máis seguros.

Basanta é o home democrático por antonomasia, dunha amabilidade e sinxeleza sen beiras, servicial e atento como un home en mangas de camisa. Aviso ós navegantes: sería perigosísimo darlle un cargo político ó noso amigo, porque todo o concedería, todo o poría en mans de quen, simplemente, se achegase a pedirle ó Grande Xefe unicamente a propaganda. Don Pedro Basanta, pois, púxose cordialmente ó noso requereamento.

-¿Cal é o estado actual da repoboación forestal en Galicia?

-En situación de "no seu lugar descanso" -contéstanos-. Pero eu espero que isto sexa transitorio -engade axiña-. Aínda, dentro do réxime republicano non se enderezaron os plans, non se dispuxeron carrís de marcha, non se axustaron os funcionamentos. Todo non pode facerse nuns momentos, se a obra queremos facela verdadeiramente perdurable. hai que dicir, iso si, polo que respecta a

<sup>1</sup> 'EL PUEBLO GALLEGO' Data.- 26-10-1932 Páx.-Última Asina: **Juan Carballeira**

Pontevedra, polo menos, que a Comisión xestora desta Deputación provincial non pode ser máis comprensiva nin máis entusiasta. Vontade e desexo non faltan certamente, pero o que antes dixeran, todo así de súpeto, non pode facerse seguramente, hai que darlle tempo ó tempo e confiar na República.

-¿Vostede cre?

-Creo e espero. Sería terrible que quedáramos pinchados ó principio da xornada, cando o camiño ten para nós tantas promesas venturosas. Non o dubide, a repoboación impulsárase con redobrado entusiasmo á primeira ocasión.

#### OLLADA SOBRE PONTEVEDRA.

-Ben, a ver sequera un índice simplificado do que hai feito feito e do que hai que facer.

-¿Quere vostede que empecemos por Pontevedra, de onde podo darlle datos máis detallados, tratando provincia por provincia?

-Excelente. Empecemos por Pontevedra

-Primeiramente temos que facer unha diferenciación, que hai repoboación que depende da Deputación e o Estado (precisamente o Servicio Forestal que dirixo) e repoboación dependente tan só do Estado.

O que hai feito polo Servicio forestal da provincia queda así detallado: 5.500 hectáreas que se fixeron en tres anos, do 27 al 30. (Península do Morrazo, Castrove, Xeve. Ponte Caldelas, Pazos de Borbén e Redondela).

Por conta do Estado só aproximadamente unas 500 hectáreas, 8 monte Aloia, Baiona, Santa Tegra e Oia), no transcurso de moitos anos e sen lograr extensións uniformes e homoxéneas como as alcanzadas polo Servicio da Deputación.

-¿Que aportou Estado e Deputación e a canto alcanza a suma invertida en total?

-No que se refire ó noso servicio, o Estado contribuíu exactamente con 943.505,19 pesetas e o invertido pola Deputación en tódolos conceptos ata o ano 30, inclusive: 625.253,23 pesetas. É dicir que veu custando a razón de 276 pesetas a hectárea, incluído viveiro e toda conservación. Calcula que ós vinte e cinco anos deberá dar cada hectárea unhas 5.000 pesetas e creo que xa é un interese neste tempo, como para satisfacer a calquera ambicioso. Hai pois repoboadas nesta provincia, unhas 6.000 hectáreas

e quédanos aínda por traballar outras 30.000. Isto só en Pontevedra.

#### AS OUTRAS PROVINCIAS.

-Respecto á Coruña, así de súpeto, non podo facilitar datos concretos. Sei, dende logo, que alí a Deputación, sen auxilio algún do Estado repoboou no termino de dous anos unhas mil hectáreas. Hai que eloxiala teimosa labor creadora do enxeñeiro de Montes daquela provincia, don Jacobo Arias Villar. Tamén é de gabar e anotar como esforzo interesante a obra de aquela Deputación que conseguiu soia tal cometido. En terras coruñesas aínda quedan 40.000 hectáreas por repoboar.

- ¿E Ourense?

-Só podo dicirlle que aquela Deputación conxuntamente co Consorcio do Estado, repoboou ata agora nada máis que unhas 500 hectáreas. Faltan alí por traballar outras 40.000.

E quédanos Lugo que non hai aquí necesidade algunha de citar, pola sinxela razón de que en toda aquela provincia no hai feito, nin trazas de que se faga. Sei unicamente que existe dende hai máis de catro anos un proxecto aprobado que ata agora, como digo, non se levou a cabo. E hei de advertirlle con respecto a aquela provincia que coñezo ben, que é tal vez a comarca máis propicia por razóns naturais, para unha boa repoboación. É a de Lugo, a provincia de mellores montes e a de máis extensión, na actualidade dolorosamente ermos, cancha espida unicamente para corre-los ventos.

#### PORVIR.

-¿Cómo cre vostede, Basanta, que tal indixencia pode ter remedio?

-Primeiramente contando co concurso de homes comprensivos, intelixentes, capaces de laborar máis tecnicamente que politicamente ó fronte dos organismos rexionais. Despois, e sobre todo, logrando para a nosa terra un réxime, todo o amplo que sexa mestre de autonomía. A organización autonomista de Galicia valerá, sobre todo, para impulsar esta inmensa obra da repoboación dos nosos montes que hoxe por hoxe están improproductivos, nunha extensión de máis de 600.000 hectáreas. Xa se ve. As Vascongadas e Vizcaya mercé ó réxime, verdadeira-

mente autonómico, son as provincias de España que máis produción de madeira teñen.

-¿Cómo ordenaría vostede a nosa produción en Galicia se ese día chega?

-Tería unha saída segura. Na zona da costa, onde a árbore ten un crecemento rápido e, polo tanto, non se presta ben a madeira para construcións, empregárase para pastas, papo, etc., entivacións de minas, caixonería e outras mil cousas polo estilo. A produción do interior sería destinada como madeirame.

-¿Tanta sería a demanda?

-Con dicirlle a vostede que España, toda España, importa unha grande cantidade de madeiras ó ano e trae piñeiros de Portugal, está dito todo. Figúrese o negocio grande que supón para a nosa rexión organizar urxentemente a repoboación dos nosos montes. Sobre o que levamos dito, un sinxelo cálculo, restrinxíndoo xa ás mínimas posibilidades, é como para que tódolos galegos ata o máis zafio, exclamen doadamente: “¡E, cómo estamos perdendo o tempo!”

Asina .- **JUAN CARBALLEIRA**

‘EL PUEBLO GALLEGO’ Data.- 26-10-1932 Páx..-Última

## PROBLEMAS VIVOS DE GALICIA

### GLOSA DUNHA GLOSA

Con motivo da recente entrevista con don Pedro Basanta publicado por min en EL PUEBLO GALLEGO sobre a situación da repoboación forestal en Galicia, o gran rotativo madrileño “El Sol”, na súa edición correspondente ó 3 do actual, inserta unha editorial sobre este tema, tan documentado e cheo de comprensión, que non ten desperdicio. Merece, pois, abrírlle un espacio preferente para que resoe no noso ámbito e chegue a tódolos oídos algúns dos conceptos máis substanciais daquela glosa oportuna e certa.

Calculase en 600.000 hectáreas de monte -di o editorial de referencia- as que están sen poboar en Galicia. Máis dun millón de hectáreas rasas sen a árbore que ó mesmo tempo que da sombra, da madeira, da froitos, regulariza a distribución das chuvias, e ofrece un vasto panorama de subproductos industriais que poden constituír unha das liñas máis importantes da economía rexional galega. A Prensa galega trata estes días do problema e para o razoamento en pro dunha política de repoboación utilízase a experiencia feita en Pontevedra.

Alí empregou o Estado un millón de pesetas, e repoboáronse 6.000 hectáreas de terreo. A produción por cada mil hectárea, ó cabo de 25 anos, cifrase en cinco millóns de pesetas, co cal obtense un beneficio de trinta por un. Se se ampla o razoamento, ás 600.000 hectáreas de terreo que hai sen poboar en Galicia e calculase cunha cuarta parte deses grandes claros pertence ós Concellos, teríase mediante a repoboación, ó cabo dos 25 anos, que Galicia contaría cun ingreso de 750 millóns de pesetas. “Pero a riqueza forestal -engade “El Sol -non pode calcularse só polo prezo da madeira. Hoxe a civilización dos pobos pode graduarse pola explotación máis ou menos racional que fagan dos seus montes. Porque así como do piñeiro obtense a miera que produce as resinas, ou augarrás e outros produtos, doutras especies arbóreas lógranse produtos medicinais e industriais que veñen a enriquece-la economía dos pobos.

O cálculo feito polos comentaristas de Galicia que deixamos recollido, refírese á explotación directa, simple, do monte. Xa só con esa utilización rudimentaria da riqueza forestal é aconsellable unha política de repoboación. É unha obtención de 30 por 1. Pero da árbore obtéñense outras producións que soben de prezo o valor do monte. Bastará, para dar unha idea disto, enunciarse o valor progresivo que adquire o chopo, segundo a súa utilización industrial.

O metro cúbico de chopo, aproveitado para madeira, en pé, rende 30 pesetas. Se ese metro cúbico se converte en pasta mecánica, produce 60 pesetas. Se se transforma en celulosa, rende 150 pesetas. Convertido en papel, produce 300 pesetas. e se o fixeramos seda artificial, produciría o metro cúbico de chopo 1500 pesetas. Desde 30 pesetas, pode, por tanto, aumentar o valor a 1500. Por iso o grao de civilización dun pobo pode saberse pola explotación que fai dos seus montes. O que chegue a obte-los máximos rendementos racionalizará a explotación, creando industrias, promovendo ocupación de brazos e enriquecido a economía en xeral.

O chopo, como o piñeiro, como el eucalipto, como outras variedades arbóreas que se experimentan no viveiro forestal de Salcedo, son a materia que emprega o Servicio Forestal de Pontevedra para converter os nosos montes en ferramenta perfecta de labor para un porvir, seguro á volta do camiño. E esta enorme posibilidade de riqueza que nada máis precisa que entusiasmo e unánime amor, naceu na nosa terra, como Portela Valladares afirma, no seu libro segrel e cálido "Ante el eucalipto", con iniciativas e competencias xenuinamente galegas. Do centro xamais houberan chegado. Aquí temos como a cada paso que nos metemos nos problemas vivos da nosa rexión, revalídase con máis nítidos e profundos valores de razón e urxencia a necesidade de que Galicia conquiste a súa autonomía tan ampla como sexa precisa para comezar a atoparse a si mesma, perdida e pedichona como aínda desde fai cinco séculos entre o fragor egoísta dunha España podrecida de inxustizas.

A autonomía non supón fin, senón medio, e é preciso, así, que tódolos galegos vaian capacitando a súa vontade para unha nobre competencia de superación. O Estatuto non significa vara máxica nin fonte milagrosa capaz pola súa soa existencia de trocar o atallo en consueto camiño. Sinala o referido editorial de "El Sol" unha cuarta parte da superficie de monte despoboado de Galicia como de pertenza dos Concellos. E aquí, cabe preguntar: ¿interesáronse seriamente ata agora os nosos Concellos vilegos e rurais por este problema capital da repoboación forestal dos seus ermos?. A pesar do que ven manténdose, na Prensa, e en mítines sobre este asunto, falta Aínda a primeira apetencia duns deles nesta dirección flotando sanamente sobre as mortas augas do concellaleo, máis ou menos morboso de sempre. e como nisto da repoboación, igual conducta abúlica rexistrasen no que se refire á obra da Misión Biolóxica, dous dos camiños máis claros por onde se anuncia unha palinxénese galega.

Ortega e Gasset un día, desde o ámbito nacional. lanzou a súa arenga vivificadora: ¡As provincias, en pé!. Agora desde Galicia, con máis xusto motivo e maior acribia, mirando ó corpo vivo pero somnolento da nosa realidade, cumpre berrar tamén: ¡Os Concellos en pé! que esa é a Galicia popular e proletaria.

Aínda que non máis fora por iso a secular pereza de nosos medios rurais, lanzándolles a un enérxico e vital exercicio de diástole, a autonomía é necesaria como método educativo, como terapéutica na atonía colectiva que padecemos. E ó mesmo tempo que valería para evita-lo sentido político do pobo disolvendo o caciquismo como azucres en auga, resultará simplemente, que estaremos máis preto da nosa -colectiva- liberación económica. Nas raias da súa man, Galicia pode agora ler claramente o seu destino.

Asina .- **JUAN CARBALLEIRA**

**'EL PUEBLO GALLEGO'** Data.- 9-11-1932- Páx.-1ª e Última



## SOBRE O PROBLEMA FORESTAL GALEGO<sup>1</sup>

(Nova entrevista có enxeñeiro Basanta)

### ANÁLISE DAS MADEIRAS GALEGAS

Na esexese que das madeiras de Galicia, aplicadas á industria do papel fixo Echevarría, continúa o enxeñeiro xefe do Servicio Forestal de Pontevedra, estudiou así as especies de maior rendemento nesta provincia, o piñeiro negral, o eucaliptus glóbulus e o pinus insignis.

O piñeiro negral galego diferénciase bastante do da súa especie que se dá no centro de España. Dende o punto de vista industrial, celulósico, entre o de Ávila e Segovia e o Galicia hai un abismo. A resina é no piñeiro galego cinco veces inferior ó castelán; iso contribuirá á posibilidade ou non posibilidade de obtención da pasta á sosa. Co piñeiro negral castelán poderíase obter pasta "kraft"; pero por ser cinco veces máis grande a proporción de resina, a súa eliminación é moi custosa, precisa tal consumo de sosa que seguramente resultaría antieconómica a súa explotación, se o comparamos co piñeiro galego

-¿Non hai unha preferencia de analoxía que serva para Galicia?

-Echevarría sinala no caso do piñeiro negral, o dos Landas, expoñendo isto: que no caso máis desfavorable, as condicións do piñeiro galego serían as mesmas cas de alí, en canto á proporción de resina.

No 1926, con motivo dunha crise fonda que padeceu Inglaterra, sen saída de piñeiros para as minas, intentouse nas Landas fabricar pasta co piñeiro negral. Os primeiros ensaios co bisulfito cálcico non deron gran resultado, pois non se eliminaba ben a resina. Probouse co bisulfito sódico e logrouse a eliminación, pero antieconomicamente, porque o amentado bisulfito é moito máis caro. Por fin, empregouse o procedemento á sosa e elevouse unha fábrica en Mimizán, onde se obtén en condicións económicas pasta química cun procedemento de recuperación de boa parte da sosa. O feito é que tras esa fábrica montáronse outras tres que producen todas papel "kraft" para envolver, cada día con maior mercado. Aquí temos un exemplo vivo, positivo e analogamente podería ser unha saída para o piñeiro negral de Galicia. É moi posible que o piñeiro galego reúna mellores condicións cós das Landas e entón sería fácil obter pasta con bisulfito de cal, que sería dobremente vantaxoso.

### DÚAS ÁRBORES DE PORVIR

- ¿É o eucalipto?

- Tamén falou Echevarría dis. O eucaliptus glóbulus é unha especie que como todo o mundo sabe medra con rapidez en Galicia. É unha árbore de gran porvir. Echevarría explicou o caso dunha fábrica de Oporto que obtén pasta ó bisulfito cálcico, mesturando o eucaliptus con algo de piñeiro negral. Emprégase esta pasta en Suecia, entre outros países. É digno de observar isto, porque Suecia é o país da pasta do papel, pero como a preparan con abeto, que é a pasta corrente para diarios, fáltalle esta outra, de condicións absorbentes especiais, moi estimado, o papel a que dá lugar, en litografía.

-¿E o pinus insignis ofrece máis avantaxes?

<sup>1</sup> 'EL PUEBLO GALLEGO' 24 de decembo de 1932 Páx.-Última Asina: Juan Carballeira

-Ten tódalas aplicacións amentadas e ata algunha máis. Existen fábricas de pasta á sosa con pinus insignis en Australia; e respecto as súas aplicacións ó bisulfito, está en condicións inmejorables, porque dáse o caso de que a produción de resina, en relación co piñeiro negral, é case como dez veces menor, non chega ó un por cento.

### **A CELULOSA PEDRA FILOSOFAL**

-¿Dá marxe a celulosa, así obtida das especies amentadas a outras aplicacións, ademais do papel?

-Efectivamente, e Echevarría na súa referida conferencia, dixo estas cousas, seguindo os meus apuntes.

Analizada a celulosa por certos procedementos modernos, como os raios X, atópanse uns compostos celulósicos de diferenza e importantísima aplicación, entre outras, o algodón pólvora (nitrocelulosa). Outra aplicación é a da seda artificial, produto na actualidade colocado no primeiro plano das industrias mundiais especialmente as sedas viscosas, que se preparan obtendo unha pasta alcalina de celulosa.

Outra aplicación é a da nitrocelulosa tratada polo alcanfor que dá orixe ó celuloide.

Esta substancia parece, sen embargo, que está sendo desprazada por outra materia que ofrece a vantaxe de non ser inflamable. Esa nova substancia é o acetato de celulosa coa cal fabricase o "filme", a película que se emprega na industria cinematográfica.

Finalmente, quedánnos outros rumbos industriais derivados da madeira como son as pinturas e vernices.

### **AVANTAXES E INCONVENIENTES**

-Unha vantaxe que sinalou o señor Echevarría dende o punto de vista forestal coa implantación das fábricas de celulosa, é lograr que ó pé do monte poida elaborarse unha materia de moito menos peso e volume ca madeira, por tanto máis manexable, o cal supón que si as madeiras galegas hoxe teñen un certo radio económico, o día que en cada catro metros cúbicos desa madeira se convertan nunha tonelada de pasta, con menos volume e máis valor, indubidablemente, o radio económico será moito máis amplo.

-¿Quedaría así resolta a cuestión dos transportes?

-Dende logo, bastante. Pero a dificultade dos transportes forestais é causa aínda de que estean podrecendo moitas madeiras por falta de vías de saca, como sucede nas zonas do Courel e de Cervantes, na provincia de Lugo, lugares onde existen bosques milenarios de indubidable valor. A este respecto na súa conferencia tamén dixo Echevarría, con acerto que o prezo do transporte é tan elevado que moitas veces pode darse o caso de que madeiras de procedencia estranxeira, suecas ou de doutros países sexan máis baratas noutros portos do norte de España cas que proceden dos Pirineos. Así, ás fábricas máis importantes de España, que están montadas moi preto dos portos de Bilbao e Pasaxes, resultáballes moito máis fácil traer madeira do estranxeiro cando se produciu a transformación consistente no emprego de madeira, en lugar de farrapos e papeis vellos, na fabricación do papel.

### **FALLA DE ORDENACIÓN**

-¿Hai algo máis, digno de mención, con referencia a este problema da industrialización dos montes?

-Outra segunda causa sinalada por Echevarría, importante para o consumo de madeira estranxeira para pasta, e que os montes españois non están ordenados con arranxo ó plan esixido por estas industrias, o contrario do que sucede en Suecia, Alemaña, etc., etc. Así sucede que esas madeiras nosas son demasiado vellas, duras, e ou-



tras veces excesivamente nodosas, e por conseguinte clasifícanse como de segunda categoría, sufrindo depreciacións que chegan ó vinte por cento. Aquí temos, con respecto á repoboación realizada polo Servicio forestal de Pontevedra, o que o dito enxeñeiro Echevarría dixo ó final da súa conferencia;

-Vemos, pois, que a causa de que as madeiras de España sexan desprazadas do mercado polas estranxeiras tanto é polo custo do transporte como pola calidade da madeira mesma. Por iso é moi importante o plan de repoboación que patrocina a Deputación ós particulares e vaia ir deixando unha labor experimental positiva a cerca destas especies de rápido crecemento, en Galicia.

É preciso -engadiu- pensar no posible emprego, nun día non moi lonxe, das madeiras tenras, para que non teñan durame, e de fustes longos. É preciso dende agora preocuparse de repoboar co grado de espesor conveniente e dar ás masas, ó seu tempo, unhas claras racionais para ter madeiras de fustes longos, de 10 a 25 centímetros de diámetro e entrenos duns 80 centímetros de lonxitude para que cortados poidan servir exactamente para as máquinas que se empregan na industria do papel.

### PARA O PORVIR

-Dúas cousas máis e moi importantes sinalou tamén o noso conferenciante, que as fábricas precisan dunha continuidade nos suministros e que se lles dea sempre madeira de calidade homoxéneas. Resulta que a maioría dos particulares soen repoboar por medios empíricos e obteñen madeiras de calidade diversa. De aí a necesidade dunha unión de propietarios, dunha cooperación, como se efectuou en Suecia para repoboar marismas con avaxes de cooperativas de consumo, crédito, etc.

Na industria da pasta de madeira, cada fábrica necesita consumir tódolos anos de 20 a 40.000 metros cúbicos, e estando as terras de Galicia divididas en pequenas extensións, se algún día se establecen aquí estas industrias, faríase dificultosa a regulación do suministro. As grandes extensións de montes públicos repoboados pola Deputación serán unha reserva que garanta isto, pero non impide para que se vaia pensando en agrupar ós particulares en cooperativas para lograr zonas de repoboación homoxéneas.


-¿Temos grandes posibilidades entón, amigo Basanta, de poder industrializalos montes?

-Xa ve que todas. É iso o noso porvir, o da Galicia Autónoma que todos queremos.

Por iso díxenlle a vostede ó principio desta intervención que sen hipérbole, realizada a repoboación dos nosos montes na medida que a técnica sinala e a acometida despois dunha racional explotación deles, cabe asegurar que Galicia pode ser o eixe regulador do mercado de celulosas de Europa occidental. Todo depende da nosa vontade, que a xente se entregue menos nos tobogáns políticos de casiniño e rebotica. Estoutro, cousas coma esta da repoboación, si que con política, toda unha política, nada menos.

Asina: **JUAN CARBALLEIRA**

'EL PUEBLO GALLEGO' 24-12-1932 Páx.- Últ.



## REPORTAXES DE “EL PUEBLO GALLEGO”

## COS MESTRES GALEGOS QUE SE GALEGUIZAN

(Notas dunha excursión)

## UN TITOR DE INICIATIVAS.

Húmidos os belfos de químico orballo, na tarde redonda e clara de finais de marzo, o “quince cabalos” do enxeñeiro Basanta agatunaba unha vez máis infatigable, polas verdecidas terras de Figueirido, cara o viveiro forestal da deputación pontevedresa. Rogelio Pérez González “Roxerius” inspector de primeira ensinanza da provincia, escritor de rango, traza de mariñeiro, corazón filantrópico e cara de rillote, agreste e tenro de brisas e lúas rianxeiras, ía con nós. E na pausa que deuxaron os seus ollos admirando a xenerosa paisaxe do viveiro cos seus seis millóns de arboriñas incipientes apuntei eu sabendo con quen as tiña.

-Ti, “Raxerius”, debías insistir nunha intención: traer ós mestres aquí, á Misión, organizando cursillos, ou como sexa; pero que comecen a enterarse d'ũa vez que a nova Galicia está xestándose nestes obradoiros.

Isto ocurría a finais de marzo, nunha tarde caída entre os piñeiros, man a man discorrendo sobre temas galegos. Basanta, “Roxerius” e o cronista. E o día 12 do actual, vidos dos camiños máis entrañados da Terra, estaban en Pontevedra cerca de dous centos mestres e mestras da Cañiza e Lalín, a zona de inspección de “Roxerius”, gran titor de iniciativas. De certo sabía eu con quen as tiña e ben seguro estaba de que aquela insinuación miña non ía a quedar en balde. E é que, señores, convén, para quen non coñeza a verdade de “Roxerius” vaian fixando este nome na memoria, porque é o dun home deses que ten un seguro destino que cumprir en Galicia e ha de darlle días insólitos. Sabédeo ben, profesor de “noso tempo”, escritor de rango, corazón filantrópico e cara de rillote, lexionario desa fecunda e lírica tropa que unicamente conta, Rianxo; Castela, Manuel Antonio, Rafael Dieste...

## NA MISIÓN BIOLÓXICA.

Nos campos finos e óptimos da Granxa de Salcedo, lección de agricultura. Álvaro Gil, complexo de mal xenio e bondade, co seu aire entre galego e saxón de última hora, está explicando todas aquelas cousas interesantes que veu a suxerir e desenrollar na nosa Terra o xenio creador e tesoneiro de Gallástegui. É o

tantas veces repetido e aínda sen coñecer das nosas xentes; que as experimentacións da Misión Biolóxica son a única base certa e presente para lograr triplicar-la produción de millo en Galicia, e da pataca, o noso primeiro cultivo. E o dilema é claro e terminante, ou se sementa con estes métodos preconizados por Gallástegui ou o labrego galego por moi lonxe que vaia da man de calquera programa político de longo circuito, non será capaz de zafarse dunha economía actualmente lisiada, por primitiva e anárquica. Hai que gañar ó noso campesiño, agora, máis que politicamente, coa verdade dunha técnica revolucionaria e salvadora.

Álvaro Gil, capitán de prácticas agropecuarias, desenrola o tema, imperturbable baixo o picante sol de xuño sen coidarse, embebido na materia, que aquelas pobres rapazas, as mestriñas que viñeron todas emperifolladas e guapas, comézalles a poñerse a maquillaxe que daba mágoa.

## AGORA O VIVEIRO.

A escea ten agora, por fondo uns bancais onde miles de arboriñas xogan ó fascismo, aliñándose unánimes e disciplinados e unha asemblea de “pinus insignis” e “eucaliptus” áxiles e sombrizos por entre a rota trama amosan cachos de ceo azul. Estamos no viveiro forestal e o enxeñeiro xefe do Servicio no uso da palabra D. Pedro Basanta, estupendo “carsseur”, manexador de latíns e galego, dicta a súa lección, á sombra das árbores como un cacique azteca a súa perorata á tribu.

Un pouco de historia da nosa repoboación forestal. A loita sostida fronte á Dictadura, cando nas súas postrimerías ameazaba invalidar tódala inxente labor. E os horizontes que abre a República, posibilitando unha intensa e seria política forestal. A continuación, a apoloxía da árbore, trasunto quixotesco espantando soedades de ermos, vivificador da paisaxe e da economía dos pobos. E cifras, como bo enxeñeiro, cifras contundentes, de perfil fantástico pero de segura raíz; cada hectárea repoboada contén 900 piñeiros, cada piñeiro ós 25 anos, vale, polo baixo cinco pesetas; cando estean repoboadas as 30.000 hectáreas que figuran

no proxecto só na provincia de Pontevedra 27 millóns de pesos. Os números non fallan.

A asemblea curiosa e interesada, rodea ó xove enxeñeiro; e ante aquel concurso de mozas emperifolladas e atentas e homes de tódalas idades e tódalas trazas, o bo Basanta, baixo a viseira azul da mañá, ten un aire de parabolista bíblico con gafas que faría as delicias dese abade sutil do humorismo que é Chesterton, Os mestres excursionistas percorren o magnífico viveiro, aproveitando unha boa lección, máis elocuente e profunda que tódalas líricas, apoloxías e festas da árbore ó uso.

#### GALEGUISMO.

¿E todo iso en síntese, que representao, meu querido "Roxerius"? Coma ti e coma min, tódo o mundo o sabe, todo eso representa claro e xenuino galeguismo, fervor pola Terra, ansia dunha vida mellor, vontade de transfiguralo rural en universal, desexo de beneficia-la colectividade acometendo a empresa polo máis inmediato a nós e de nós coñecida; Galicia; non outra cousa supón galeguismo. Os mestres excursionistas puideron logo constatarllo así admirando, en traslaticio mito, ó film "Por unha nova Galiza" que as finas e taumatúricas mans de Enrique e Ramón Barreiro teceron cun dobre e igual sentimento da Arte e a galegitude. Pola pantalla, con tácitos e vencidos pasos cruza Galicia, desfeita e humillada como é na actualidade columbrando na exemplar figuración umbrais de máis seguro porvir. Cando ó final da película, en feliz símbolise, a imaxe e a palabra, postulan unha Galicia mellor proxectado o anhelo hacia o futuro, a sorte estética e emotiva consegue unha evidencia patética que lembra, polo entrañado e vehemente, as palabras ardentes de Kolesnikov, en o "Sachka Eegulev", de Andreiev:

"-¡Mora, he aquí a terra!. Está chorando nas tebras. Nutrente do pan amargo desta pobre terra, comparte os seus pecados, lávate coas súas lágrimas. Non podemos esperar.

¡Miña terra querida, que por séculos e séculos sofres con sufrimentos inauditos eu saúdote humildemente con devoción!.

#### EXEMPLO A IMITAR.

José Filgueira Valverde e Bibiano Fernández Tafall, brillantemente, puxeron digno colofón a esta excursión cultural dos mestres da Cañiza e Lalín, explicándolles, en sendas conferencias, o primeiro, motivos da Arte na moderna pedagogía -lección densa, profunda e Tafall, cun sentido didascálico certo e agudo, unha exposición documentada e extensa sobre as enfermidades das distintas plantas do noso campo.

O programa non puido estar máis galeguisimamente organizado, e os dous centos de mestres excursionistas ben puideron darse conta de que Galicia, certamente, é hoxe por fortuna unha célula viva cos problemas e facetas todos encaran coa maior acribia. Isto era o que conviña levar ó ánimo dos mestres rurais, sobre todo da nosa Terra, porque nas súas mans repousa tódo o porvir dela. A escola galega ten que volver os ollos, ante todo, ó seu ámbito natural, comezando por fixar no neno, antes que as imáxes de terras estranas a de Galicia primordialmente, imbuíndolles na alma un xigantesco proxecto de vida mellor.

A orientación escolar, nas vilas, nestes tempos de superación, tende a algo máis, extravasa un rutinario repertorio de rudimentarios coñecementos. Non pode quedarse en frío retazo de técnicas, senón que cómpre que, paralelamente, afunda as súas raíces na Terra, traspasada medularmente do seu espírito, das súas inquedanzas, dos seus soños. Bo exemplo este dos mestres da Cañiza e Lalín, que tan magnificamente organizou ese modelo de profesores e cidadáns galegos. "Roxerius", corazón filantrópico e lexionario esforzado da fecunda e lírica tropa de Rianxo que lanzou a Galicia a altos mares de fantasía e humanidade: Castelao, Manuel Antonio, Rafael Dieste...

**'EI PUEBLO GALLEGO'** Data.- 18-6-1933 Páx.- ÚI Asina .- **JUAN CARBALLEIRA**



## O NOTICIEIRO DAS ÁRBORES DE BUEU

### 11 e 13 de Marzo-1924 'Faro de Vigo' páx. 2

Noticia que da por rematada a plantación de árbores na estrada da Igrexa (Ramón Ba-res).

Dous días despois e baixo o título: 'Los hay salvajes...' di que poucas horas despois de ser plantadas as árbores da estrada da igrexa, foron tronizados esnaquizados 28.

-Nota: Aínda quedan dúas árbores. Os últimos que se arrincaron xunto a fonte 'do cura' foi a mediados dos anos 70 cando se fixeron as beirarrúas.

### 31-Marzo-1925 no 'Faro de Vigo' páx. 2

Plantación de árbores (piñeiros) na Portela, no monte chamado 'As Trincheiras', a cargo dos alumnos das escolas rexentadas polos mestres Dona Ramona Cabanillas, Dona M<sup>a</sup> Luz Domínguez e Don Higinio Pérez García.

### Marzo-1985

Os alumnos de 8º dos Colexios Públicos de Bueu, Beluso e Cela, plantaron especies arboreas autóctonas (castiñeiros, nogueiras,...) e algunhas árbores do xénero '*cupresus*' en zonas de dominio público das tres parroquias.

### Marzo-1986

Plantación, a cargo dos alumnos de 8º do Colexio P. de Bueu, de 81 árbores, castiñeiros e nogueiras, nunha zona comunal da Portela, cedida polo concello, que patrocinou o evento.

### Abril de 1993

Semana chea de **obradoiros sobre 'As árbores' (2 h diarias)** nas que participaron tódolos alumnos e mestres do ciclo superior: 'A árbore e a lingua/lengua/...', 'Reciclaxe de papel. as árbores e a plástica', 'A árbore e a industria', 'Técnicas de plantación e inxertos', 'Sendeirismo e orientación', 'A natureza foto-

gráfica', 'A que che sona o medioambiente', 'A árbore e a súa ecoloxía', 'A árbore: traballa-la madeira',...

### 13-21 de marzo 1995

Tres semanas cheas de actividades nos distintos cursos e niveis nas que a árbore e a reciclaxe do papel tiveron especial protagonismo: Impresión de 20 modelos de adhesivos deseñados polos nenos, empapelamento dunha grande árbore feita con follas pintadas, polos nenos con máximas alusivas ó tema da árbore, 'Obradoiros' de papel reciclado, programa monográfico sobre a 'Ecoloxía' en Radio Pontevedra,...

### Outras novas...

-Nos anos 40, plantáronse as dúas fermosas *araucarias*, por iniciativa do conserveiro Attilio Gaggero. Están situadas fronte o peirao que leva o seu nome. ¡Hai que coidalas!

-Unha '*Araucaria excelsis*' situada nunha veiga da rúa A. Castelao foi tirada polo furacán 'Hortensia' e houbo intentos frustrados, que xeraron polémica naquel intre, de trasladala á alameda da Fonte dos Galos.

-Na tomada de 'Forqueiros', en Beluso, atópanse varias magníficas '*secoias*' plantadas pola familia Massó.

-Ata os anos 70 púidose admirar un fermoso e alto álamo na rúa Montero Ríos, fronte á casa da familia Bolívar, preto dunha columna de 'corre-la milla' que alí había.

-A rúa Pazos Fontenla tiña fermosas árbores coma: nogueiras (a ámbolos dous lados), cerdeiras (xunto a casa chamada da 'Habenera'), plátanos, moreiras brancas,...

-O precioso 'piñeiro' que se atopa diante da fábrica de Massó vemos que está enfermo. ¡Fágase algo para sandalo!